

RIBAZO
RIBADEO

ZONA VELLA
PASILLO
BAR
RIBADEO



BODEGON

BEVERENO

COLON
Pub

MESON • BAR
O TRASMALLO
RIBADEO

ISIDORO MEIRA
ADMINISTRACIÓN DE FINCAS

COMUNIDAD DE PROPIETARIOS ALQUILERES ADMINISTRACIONES

Alza, 2 - Urb. Recarey, 5 - 1.º A
Teléfono Fax (982) 128 372
RIBADEO


méira abello & cambor

winterthur seguros

SOCIEDAD DE AGENCIA DE SEGUROS, S.R.L.
A.G. 15.05.35

Urb. Recarey, 5 - 1.º A
Teléfono-Fax (982) 128 372
RIBADEO (Lugo)

II FESTIVAL DE BANDAS RIBADEO



DOMINGO 8 DE SETEMBRO/96
7:30 DA TARDE. PRAZA DE ABAIXO

BANDA «SAN FERNANDO» DE AVILÉS
BANDA «LA LIRA» DE LUARCA
BANDA MUNICIPAL DE RIBADEO

ASOCIACIÓN
AMADORES DA MÚSICA

BANDA «SAN FERNANDO» DE AVILÉS

A Banda de Música «San Fernando» de Avilés fundouse en 1987. Está estreitamente vinculada, desde os seus orixes, ao coñecido Coléxio San Fernando, de Avilés, daí o seu nome. Actuou por vez primeira en 1988, en Pimiango, no Concello de Ribadedeva, e en varios centros de ensino de Avilés. No mesmo ano, a Consellaria de Cultura do Principado de Asturias incluíu á Banda no seu plano de actividades, actuando ésta, entón, en moitas localidades da comunidade asturiana.

Ten realizado grabacións para as Televisións Española en Asturias e Galega. En 1990 colaborou nas producións operísticas de *L'elixir d'amore* e *La Boheme* do Teatro Campoamor de Oviedo, convidada pola Asociación de Amigos da Ópera da capital asturiana, colaborando novamente en 1994. Co gallo da entrega dos Premios «Príncipe de Asturias», en 1991 actuou perante o Príncipe Felipe e a Raíña Dona Sofía. Ten acudido a Benidorm e este outono participará no certame de Bandas de Murcia.

O Director da Banda «San Fernando» é Enrique Font Martínez. Naceu en Avilés en 1934. É clarinetista e saxofonista. Ten dirixido a Banda de Corvera e, na actualidade, compaxina a Dirección da Banda «San Fernando» co atril de Clarinete principal da Banda de Música de Xixón.

BANDA DE MÚSICA «LA LIRA» DE LUARCA

Os arquivos históricos de Luarca dan conta da existencia dunha Banda de Música na vila desde 1889. Amador Santos Bartolomé, actual titular da Banda Municipal de Santiago, foi Director da de Luarca.

Arredor do ano 80, un grupo de veciños luarqueses xuntáronse para facer renacer a Banda de Música de Luarca, que pechara os atris había trece anos. Desde entón foron seus Directores Guzmán Lombardero, Pedro Mónica e Luís Ferrer Pico.

A Banda de Música «La Lira» de Luarca ten actuado no programa «Gente Joven» de TVE, criou o Festival de Bandas de Música Cívica do Principado e organiza desde hai catro anos «La noche del pasodoble», festival de Bandas que se celebra cada mes de agosto na vila de Luarca e no participou o pasado ano a Banda Municipal de Ribadeo.

Luís Ferrer Pico naceu en Vigo en 1946. Estudou con diversos profesores de prestixio, entre eles o cubano César Vidal. É Director da Banda de Música «La Lira» de Luarca desde 1992.

BANDA MUNICIPAL DE RIBADEO

A Banda Municipal de Ribadeo fixo a súa presentación pública en concerto o 25 de xaneiro de 1992. Está promovida pola Asociación «Amadores da Música», organizadora deste Festival.

A Banda Municipal de Ribadeo ten actuado no Teatro Colón da Coruña, na Praza da Quintana de Santiago, na Praza de Santa Maria de Lugo, e en moitas villas galegas e asturianas. Ten feito varias grabacións para a Rádio Galega e para a TVG.

O ano pasado actuou fora de Galiza en catro ocasións: en Madrid, en xaneiro; en Barcelona, en abril; en Murcia, en xullo; e en Loures e Lisboa (Portugal), en novembro.

A Banda Municipal de Ribadeo está a piques de rematar a súa conversión en Banda Sinfónica: só resta incorporar á formación os Contrabaixos, o que se fará nos próximos meses. A Banda está formada na actualidade por 70 xóvenes músicos amateurs. Diríxela o profesor Hernán Naval.

P R O G R A M A

BANDA «SAN FERNANDO» DE AVILES

- Churumbelerías E Cebrián Ruiz
El mar y la montaña A. Sánchez / A. Millán
El gato montés Manuel Penella
Homenaje a Méjico Arr.: Carlos Cerveró
Rotova Miguel Villar González
Paquito el chocolatero G. Pascual Falcó
Suspiros de España A. Alvarez

ENRIQUE FONT MARTINEZ

Director

BANDA DE MÚSICA «LA LIRA» DE LUARCA

- Ponteareas R. Soutullo
Aires del Naranco Carlos Cerveró
Five minutes with Cole Porter Cole Porter
Ecos de Asturias A. San Marcos

LUÍS FERRER PICO

Director

BANDA MUNICIPAL DE RIBADEO

- Sinfonía do Novo Mundo A. Dvorak
(Arr. do IV mov. e cita do II)
Finlândia J. Sibelius
O segundo vals D. Shostakovitch
(Da Suite de jazz nº 2)
Robin Hood (I do It for you) Bryan Adams
(Arr.: Ron Sebregts)

HERNÁN NAVAL

Director